

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0844	Cosmética para peiteado	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO CORTIÑAS RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), m), n) e s) do ciclo formativo o e as competencias a), k) e p).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	Identificar os compostos químicos presentes nun cosmético,	45	24
2	Preparación de produtos cosméticos	Coñecer os útiles, equipamentos, materias primas e operacións	20	10
3	Selección de cosméticos para peiteado	Identificar os principios activos e as reaccións químicas dos	85	44
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans, e pés, e peiteado masculino	Describir os cosméticos empregados nos procesos de	22	12
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos	Coñecer a normativa para a aplicación, manipulación e	10	5
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado	Analizar as liñas comerciais de cosméticos de peiteado	10	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	45

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.
CA1.2 Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.
CA1.3 Clasifícanse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.
CA1.4 Descríbense as reaccións redox nas que interveñen os cosméticos.
CA1.5 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.
CA1.6 Identifícanse as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.
CA1.7 Estableceuse a diferenza entre medicamento e nutricosmético.
CA1.8 Definíronse os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizouse a función de cada un.
CA1.9 Relaciónáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.
CA1.10 Caracterizáronse os elementos que constitúen a parte externa dun cosmético.
CA1.11 Indicouse a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.
CA1.12 Identifícanse as substancias prohibidas e as restrinxidas.
CA1.13 Valorouse a importancia da parte externa do cosmético como medio de información á poboación consumidora.

4.1.e) Contidos

Contidos
Átomo, molécula, compostos inorgánicos e orgánicos.
Nomenclatura ou código INCI.
Parte externa do cosmético como medio de información e como elemento do márketing.
Expresións de medidas de concentracións das mesturas de uso cosmético.
pH e a súa relación coa cosmética e o órgano cutáneo.

Contidos

Reaccións redox.

Substancias químicas de uso frecuente na formulación cosmética. Auga oxixenada: dilucións e mesturas, precaucións, conservación e almacenamento. Amoníaco.

Concepto de cosmético. Diferenzas entre cosmético, medicamento e nutricosmético. Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.

Partes dun cosmético: Parte interna. Componentes do cosmético: principio activo, vehículo ou excipiente, aditivos (conservantes, perfumes e colorantes), etc. Parte externa: envase, cartonaxe e prospecto.

Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos. Substancias prohibidas en formulación cosmética.

Etiquetaxe: requisitos, símbolos (PAO) e normas que ten que cumprir. Substancias restrinxidas e a súa especificación na etiquetaxe.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación de produtos cosméticos	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos cosméticos para peiteado, para o que interpreta os procedementos de elaboración.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o material e os equipamentos de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos.
CA2.2 Realizáronse as operacións básicas para elaborar cosméticos: medidas de peso e de volume.
CA2.3 Especificáronse protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos, ademais das medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio e nos establecementos de peiteado que cumpra aplicar na preparación de produtos cosméticos.
CA2.4 Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.
CA2.5 Caracterizáronse as formas cosméticas.
CA2.6 Determináronse as pautas de elaboración en función do tipo de cosmético que se vai preparar.
CA2.7 Preparáronse cosméticos sinxelos empregando as materias primas, o material e os equipamentos adecuados.
CA2.8 Seguironse as pautas de limpeza e colocación do material de laboratorio empregado.
CA2.9 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados.

4.2.e) Contidos

Contidos
Laboratorio cosmético: utensilios e equipamentos; materias primas. Operacións elementais na preparación de cosméticos.
Composición cualitativa e cuantitativa dun cosmético. Formas cosméticas: tipos e características. Formas líquidas e disolucións: características, propiedades e expresión da concentración. Locións. Sistemas dispersos: suspensións, emulsións, aerosois, espumas e xeles. Pos. Barras. Envases monodose.
Protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos. Medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio.
Pautas de preparación de cosméticos para peiteado. Fórmula cosmética: fases na elaboración. Criterios de valoración do produto final.
Xestión de residuos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Selección de cosméticos para peiteado	85

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona cosméticos, tendo en conta a relación entre as súas características e o proceso técnico de peiteado.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciáronse os tipos de cosméticos que se empregan nun establecemento de peiteado.
CA3.2 Relacionouse o mecanismo de acción dun xampú cos ingredientes activos que conteña.
CA3.3 Relacionouse a composición dun acondicionador cos efectos que orixina na fibra capilar.
CA3.4 Determináronse os efectos dos protectores sobre a fibra capilar.
CA3.5 Identificáronse a composición e os efectos dos fixadores capilares.
CA3.6 Establecéronse as transformacións que teñen lugar na fibra capilar nos procesos de cambio de forma temporal do cabelo.
CA3.7 Relacionouse a aplicación dos cosméticos específicos do proceso de cambio permanente do cabelo cos cambios químicos que teñen lugar nel.
CA3.8 Identificáronse os compoñentes dos cosméticos para cambios de cor e a súa acción sobre o talo capilar.
CA3.9 Recoñecéronse os cosméticos para as alteracións capilares que se empregan habitualmente en establecementos de peiteado.
CA3.10 Valorouse a importancia da elección do cosmético adecuado en cada proceso técnico.

4.3.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos cosméticos empregados en peiteado.
Cosméticos para a hixiene do cabelo: composición, mecanismo de actuación e clasificación. Sucidade capilar e do coiro cabeludo.
Cosméticos para o acondicionamento do cabelo: mecanismo de actuación, formulación e formas cosméticas.
Cosméticos protectores do cabelo: mecanismo de actuación, efectos e forma de aplicación.
Composición e efectos dos fixadores capilares.
Cosméticos para cambios de forma temporal e permanente do cabelo: fundamento científico, composición, forma de actuar e tipos. Cosméticos redutores e neutralizantes: activos cosméticos, acción cosmética e lexislación.
Cosméticos para cambios de cor do cabelo. Tinturas e descolorantes capilares (tinturas temporais, semipermanentes e permanentes, e descolorantes capilares): composición, mecanismo de acción, formas cosméticas e precaucións. Compostos que interveñen nos procesos de cambios de cor: influencia e efectos das formas cosméticas de auga osixenada e os álcalis.
Cosméticos para alteracións capilares.
Criterios de selección dos cosméticos para procesos técnicos de peiteado.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans, e pés, e peiteado masculino	22

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino, tendo en conta a relación entre a composición e os seus efectos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os cosméticos para manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés.
CA4.2 Relacionáronse os seus principios activos co mecanismo de acción.
CA4.3 Relacionouse a forma cosmética co modo de aplicación.
CA4.4 Seleccionouse o cosmético adecuado a cada fase do proceso.
CA4.5 Especificáronse os cosméticos empregados no proceso de afeitado en establecementos de peiteado.
CA4.6 Estableceuse a acción de cada cosmético empregado nas técnicas de barbaría, en función dos seus principios activos.
CA4.7 Seleccionouse o cosmético adecuado segundo as características da clientela.
CA4.8 Identificouse a cosmética masculina de protección e de tratamento.

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos cosméticos de manicura e pedicura.
Características dos cosméticos de manicura e pedicura: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego.
Criterios de selección dos produtos empregados en manicura e pedicura.
Cosméticos de tratamentos de mans e pés.
Clasificación dos cosméticos para os procesos de afeitado: cosméticos preafeitado, específicos para o afeitado e postafeitado.
Características: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego. Criterios de selección dos cosméticos para o afeitado.
Cosmética masculina de protección e de tratamento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Manipula e almacena cosméticos, analizando as condicións óptimas de conservación.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos.
CA5.2 Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas.
CA5.3 Identificáronse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos.
CA5.4 Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación.
CA5.5 Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos.
CA5.6 Enumeráronse as precaucións que debe seguir o persoal profesional para previr riscos e doenzas profesionais, e para evitar contaminacións.
CA5.7 Pautouse o xeito de actuar do persoal profesional ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos.
CA5.8 Aplicáronse as pautas de recollemento dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente.

4.5.e) Contidos

Contidos
Estabilidade e alteracións dos cosméticos.
Conservación e almacenamento.
Manipulación e aplicación.
Medidas hixiénicas na preparación de mestura nos establecementos de peiteado.
Alteracións relacionadas coa manipulación e a aplicación de cosméticos: causas, consecuencias, prevención e xeito de actuación.
Normativa sobre recollida de produtos cosméticos contaminados e alterados.
Doenzas profesionais relacionadas coa manipulación de cosméticos en peiteado: prevención.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica pautas de venda de cosméticos, informando sobre as súas características, as súas funcións e os seus efectos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse as liñas comerciais de cosméticos para peiteado.
CA6.2 Establecéronse as diferenzas entre os cosméticos de venda ao público e os de uso profesional.
CA6.3 Especificáronse os establecementos de venda de cosméticos para peiteado.
CA6.4 Realizáronse fichas informativas sobre os efectos e a aplicación de cosméticos.
CA6.5 Relacionouse o consello profesional coa mellora do servizo de venda de cosméticos.
CA6.6 Determinouse a importancia de manter unha constante actualización en produtos de innovación en peiteado.
CA6.7 Utilizáronse medios para obter información sobre innovacións cosméticas para peiteado.

4.6.e) Contidos

Contidos
Liñas comerciais de cosméticos para peiteado.
Cosméticos de venda ao público e cosméticos para profesionais.
Establecementos de venda de cosméticos para peiteado.
Venda de cosméticos en establecementos de peiteado: consellos á clientela.
Innovacións en cosmética para peiteado. Fontes de información.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas).

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas, traballos ou prácticas propostos polo profesor e a observación directa da actitude e comportamento do alumnado.

AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, cuestionarios, test, traballos, prácticas, etc expostos na clase, etc. e que constituirán o cen por cen da nota.

Aplicarase do seguinte xeito:

* Traballos (T): que poden englobar actividades como: probas orais, traballos individuais e en grupo, tarefas prácticas dos alumnos na aula ou no laboratorio, etc. (Para valoralos partimos da nota dun 10 e se o alumno ten que facer unha actividade na aula ou na casa e non a fai ou está mal feita restarase 0.5 puntos por cada vez que isto pase)

Primeira , segunda e terceira avaliación: 20%

* Exames (E): que agrupan as probas escritas a realizar no exame, en forma de preguntas cortas, tipo test, supostos, etc. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e contarán na cualificación da avaliación do seguinte xeito:

Primeira , segunda e terceira avaliación: 80%

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as probas avaliadas sempre que estean todas aprobadas.

Si alguna das probas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación serán: aqueles que teñan todas as probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 5 puntos. A nota da avaliación será o resultado da media entre todas as probas. Se existise fracción decimal na nota media, procederase do seguinte xeito:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso

-Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba inferior os 5 puntos. Se existise fracción decimal ao facer a media das unidades para obter a nota media da avaliación, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4. A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das notas obtidas nas probas, sempre e cando estean aprobadas. Penalizarase coa cualificación de cero cando se comprobé que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

A consecución dos contidos actitudinais non se reflectirá como unha parte da nota do alumnado, sen embargo a súa non consecución si reducirá a nota.. Presuponse a asistencia habitual a clase do alumnado, o comportamento correcto e a súa actitude participativa, de xeito que non se puntuará positivamente a asistencia, o bo comportamento ou a actitude. No caso de que o bo comportamento e a actitude non se dean, poderase aplicar un procedemento especial de avaliación que consistirá en aplicar un desconto na nota final do curso obtida, por cada apercibimento por escrito e comunicado a xefatura de estudos, ademáis da sanción que corresponda segundo o réxime interno do centro. Dito desconto será na nota final do curso, de 1 punto por falta leve, de 2 puntos por falta grave. Considerarase falta leve ou grave segundo o establecido no regulamento de réxime interno.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades referentes aos mínimos esixibles cos que se acadan os obxectivos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Proba en xuño con actividades referentes aos contidos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de Departamento, ao facer un seguimento das programacións dos distintos cursos, é onde se hai que tratar o seguimento das unidades didácticas con maior ou menor profundidade, en caso de ser necesario comunicar aspectos de seguimento non normal. O seguimento do módulo farase na propia aplicación de programacións.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Poderase realizar un cuestionario previo (oral ou escrito), nunha sesión ou varias, con preguntas que permiten coñecer ao profesor aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa visión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O comenzo das actividades do curso, transcurrido polo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos o compoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

En caso de alumnado con altas capacidades as principais estratexias de intervención educativa para dar resposta educativa son tres (sempre que sexa posible): aceleración, agrupamento e enriquecemento para poder situalo nun contexto curricular axeitado as súas capacidades, sempre en coordinación co equipo orientador do centro.

As adaptacións curriculares son as respostas educativas que se ofrecen aos alumnos co fin de atender as súas necesidades. Dentro das adaptacións curriculares podemos atopar desde meras modificacións dos espazos, formas de presentar o material, tempos diferenciados etc.

Actividades referentes aos mínimos esixibles cos que se acadan os obxectivos do módulo e similares as realizadas o longo da impartición do módulo

Para os alumnos que non consigan os obxectivos previstos, se plantexan actividades máis sinxelas, con unha metodoloxía diferente e máis secuenciada, para que aquel alumno que non alcance os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos, facéndolle un seguimento máis próximo, por parte do profesor.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa que non só faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respecto, tolerancia, liberdades e igualdade entre as persoas.¿

É importante promover no alumnado pautas de conductas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto.

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

I. Educación moral e cívica. Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valor que axuden a enxuiciar criticamente a realidade. Conseguir que os mozos fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas. Lograr que adquiran normas democráticas e xustas.

II. Educación para a paz. Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual. Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

II. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos. Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo. Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas. Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

IV. Educación ambiental. Respetar o entorno físico e natural. Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

III. Educación do consumidor. Rexeito ó consumismo e a degradación do medio ambiente. Responsabilidade dos alumnos como consumidores.

IV. Educación para a saúde. Desenvolver a capacidade dos alumnos para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural. Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.

Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde de acordo a elo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Segundo transcurra o curso e/ou teñamos posibilidade:

- Asistencia e participación en cursos e demostracións de diversas firmas comerciais.
- Visitas concertadas a museos e exposicións.
- Asistencia a galas de perruquería e beleza e desfiles de moda para ampliar os criterios e visión que conforman a Imaxe Persoal.

10. Outros apartados

10.1) Estratexias Metodolóxicas

Débense contemplar os tres escenarios posibles.

a) Presencial

Os principios metodolóxicos xerais constitúen a fonte pedagóxica da programación. A idea fundamental que sustenta estes principios é que o alumno é o principal artífice do seu propio aprendizaxe e que o profesor convértese en mediador ou guía neste proceso, permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos. Non existe unha metodoloxía única e válida para todas as situacións, polo tanto, nós utilizaremos aquela que nos axude a alcanzar a progresiva autonomía e educación integral do alumno como obxectivo de final de etapa. Para isto, nos baseamos nos principios que establece o currículo, destacando que o alumno realice aprendizaxes significativos por si, é dicir, que aprenda a aprender. Como técnica de ensinanza empregaremos: a instrución directa naquelas unidades nas que o aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz, e a técnica mediante a busca nas unidades didácticas que nos interese que o alumno desenvolva os procesos dedutivos e de enriquecemento. En canto ao estilo de ensinanza empregaremos aquel máis axeitado a cada situación desde os máis directivos como o mando directo modificado, ata os máis produtivos e creativos como o descubrimento guiado. Como estratexia na práctica utilizaremos tarefas globais sempre que sexa posible e acudiremos ás analíticas cando sexa necesario en función da natureza do traballo a realizar. Proporase traballar por proxectos e dependendo da resposta do alumnado variarase ou non ese método.

b) Semipresencial

No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. O suposto que se contempla é que parte do alumnado non poda asistir a clases por estar confinado. O procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

c) Non presencial

Co alumnado que non poda asistir ao centro por estar confinado o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O profesor indicará na aula virtual e/ou google classroom ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios..... Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias (Zoom e/ou Webex). No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información se lle comunicará por correo postal.